

ACTIVIDADES COORDINADAS POLOS RESPONSABLES DO ENDL, TIC, BIBLIOTECA, SECCIÓN BILINGÜE, OUTROS GRUPOS DE TRABAJO...

1- CONTACTOS: Actividade plurianual, coordinada polo equipo de biblioteca, e N.L., coa participación de todos os alumnos/as. Os alumnos maiores actuaron de contacontos para os seus compañeiros máis pequenos coa finalidade de afianzar a expresión oral, a capacidade de atención e traballar valores. Tamén os pais e nais de infantil acudiron ao colexio par contar contos aos compañeiros dos seus fillos e fillas. Ademais das actuación de persoas alleas ao colexio e saídas dos nenos e nenas para esta mesma actividade, tanto ás propostas polo concello como outras que se celebraron en distintos lugares, así por exemplo a participación no maratón de contacontos pola normalización lingüística o 1 de abril no que Ignacio Vilariño, puxo en escena o seu espectáculo “Burromáquia” ou o levado a cabo no auditorio Monfortino da editorial Kalandraka titulado “Palabras no ar” (FOTOS).

2- GÚSTAME LER CONTIGO: Esta actividade levouse adiante en infantil 3 e 4 anos coa colaboración dos pais/nais e das titoras. Consistiu en que cada quince días un pai/nai xunto co seu fillo/a lese un libro ao resto de compañeiros coa axuda de soporte informático ou impreso, traballando a comprensión, a expresión, a educación en valores e a implicación familiar na tarefa educativa. Foi pensada como plurianual e tendo en conta os excelentes resultados gustaríanos que se ampliase a outros cursos.

3- LIBRO VIAXEIRO: Para Infantil e Primaria, coa colaboración do claustro e as familias dos alumnos/as. Realizouse con motivo do magosto e o outono, coa participación de todos os nenos/as que levaron folios para as súas casas onde os seus familiares lles relataron contos, adiviñas, receitas... Os traballos dos nenos e nenas plastificáronse e recolléronse nun libro, este viaxou a casa de cada un dos alumnos e alumnas por ciclos de xeito que todos tiveran acceso ao mesmo, tamén se publicou na páxina do colexio.. Por último, deposítase na biblioteca. Esperamos poder volver facer esta actividade para o vindeiro curso xa que é unha excelente fórmula de implicación de todos os membros da familia na educación dos máis novos e de uso da lingua a nivel oral e escrito. ENVIAMOS FORMATO DIXITAL DOS LIBROS.

4- MES DA BIBLIOTECA. En outubro celebrouse o mes da biblioteca coa colaboración do equipo de normalización lingüística coa exposición de traballos e libros tanto en castelán como en galego, escanamos contos da biblioteca que utilizamos para a animación á lectura, preparámoslos para ver na pizarra dixital e tamén co ordenador na sala de usos múltiples,(esta ao longo do curso) tamén traducimos outros que atopamos en páxinas de internet e que nos resultaron moi útiles.(isto tamén ao longo do curso). ENVIAMOS MOSTRA DIXITAL DE DITOS CONTOS. (Somos conscientes de que non se

poden utilizar fóra do centro, elaborámolos só para uso dentro do mesmo). Exposición do libro “A min gustoume”.

5- MAGOSTO: Traballamos o magosto non só como esa festa popular na que asamos as castañas e nos divertimos. Uns días antes ao longo da semana traballamos nas aulas unha unidade didáctica (unha por ciclo) sobre o mesmo, elaboradas polo equipo de normalización e postas a disposición do profesorado nas que se destacaban o vocabulario específico destas datas, tamén fixemos unha serie de murais informativos e folletos que colocamos na Biblioteca para a investigación do alumnado respecto a estas unidades, usando a biblioteca como fondo de documentación.

Os pais e nais do alumnado participaron activamente no colexio nestas datas facendo un taller de manualidades no que se crearon moitas figuras, moi orixinais respecto a este tema, logo elaboramos unha presentación dixitalizada dos mesmos e publicámola na Web.

Tamén os nenos e nenas de primeiro ciclo fixeron unha exposición de froitos do outono poñendo carteis identificativos dos froitos propios destas datas, en galego. FOTOS.

6- ELABORACIÓN DE CONTOS: Os alumnos e alumnas de infantil e primaria elaboraron contos, coa participación do Claustro e os pais/nais. Plurianual. (inventados ou adaptados) coa axuda dos seus pais/nais, os cales foron expostos para que puidesen ser lidos polos demais alumnos outros publicáronse no libro viaxeiro, outros en distintos formatos como, dixitalizados en ppt. Os obxectivos eran aumentar o uso do galego a nivel escrito e a colaboración dos pais/nais. XUNTAMOS COPIAS

7- CAMPAÑA PUBLICITARIA DE PROMOCIÓN DO GALEGO: Actividade que lles gustou moito aos nenos e nenas na que elaboramos adhesivos con debuxos e o lema “FÁLAME EN GALEGO”, fixemos un concurso e logo imprimimos a que máis nos gustou (e algunha máis) para distribuír entre o alumnado e que as foran deixando en distintos lugares de Monforte así como pegadas nas solapas dos pais, nais ou persoas da familia, xuntamos mostra destes adhesivos e o gañador. Tamén carteis para poñer nas tendas que logo demos aos pais e nais da APA para que as distribuísen por Monforte (Xuntamos un cartel de mostra). Hei de destacar a colaboración incondicional da APA en todas as actividades levadas a cabo en normalización.

8- CORRELINGUA: Participamos no Correlingua cos demais centros da zona coa alumnos e alumnas de quinto curso, que fixeron dúas pancartas.

9- INTERCAMBIO EPISTOLAR CON ALUMNOS DE DISTINTOS COLEXIOS DO CONTORNO PRÓXIMO : Todo o alumnado do colexio, cun gran esforzo por parte do profesorado fixo un intercambio de postais de Nadal con distintos colexios do contorno: Escairón, Sober, Puebla, Bóveda, Sarria, Ferreira, Ourense e os de Monforte: Gándaras, Infanta Elena, Divina Pastora, Escolápios e Ferroviario. Este intercambio foi personalizado pois a cada alumno ou alumna designóuselle un compañeiro ou compañeira doutro colexio (procurando que se correspondesen as idades) e nalgún caso continuou a correspondencia entre eles e elas.

Faremos todo o posible para que continúe en próximos cursos xa que se pretende que sexa unha actividade plurianual. ENVIAMOS ESCANEOS DE MOITAS DAS POSTAIS. E ALGUNHA CARTA DAS QUE POSTERIORMENTE SE ENVIARON.

10- NO NADAL: Ademais celebramos o Nadal cun festival con panxoliñas, teatro representacións en lingua galega. ENVIAMOS COPIA DIXITAL DO MESMO PARA A SÚA COMPROBACIÓN.

Concurso de postais con premios as que logo se expuxeron na entrada,

Elaboramos uns minilibros para animación á lectura con recomendación de lectura para os nenos e nenas nas vacacións de Nadal.

Tamén se enviaron unhas cartas recomendando ler cunha poesía que incitaba ao mesmo.

Construción do belén na entrada do colexio coa colaboración de todo o persoal do centro incluíndo aos pais e nais para participar no concurso do concello. E tamén se participou no concurso de panxoliñas promovido polo mesmo.

Fíxose tamén un concurso de poesía.

11- CONFERENCIAS: Entre outras o xoves 27 de novembro Ana Casal deu unha conferencia sobre a educación sexual. Tamén no mes de abril unha persoa veu a falar dos peixes e da alimentación sa.

12- DEPARTAMENTO DE INGLÉS: Fixo dúas actividades como xa estaba programado ao principio.

13- MERCA DE LITERATURA INFANTIL EN GALEGO: Durante todo o curso.

14- A FEIRA MEDIEVAL: Aproveitando os debuxos do alumnado para o concurso convocado polo concello con motivo da feira medieval elaboramos uns vídeos que colgamos na Web sobre Monforte, e un anaquiño da súa historia. Os debuxos eran moi bos, de feito gañamos catro premios e as felicitacións do xurado pola calidade dos mesmos.

15- O ENTROIDO: No panel de normalización expuxemos material relativo ao Entroido incluído vocabulario propio destas datas e información sobre as tradicións na nosa comunidade, sobre todo as de máis arraigo como as comarcas de Xinzo, Laza ou Verín. Propuxemos traballo de aula ao mesmo tempo que se crearon talleres de elaboración dos disfraces para cada aula coa colaboración dos pais e nais, o último día fixemos un desfile e unha pequena festa na que se luciron os disfraces feitos polos talleres. Tamén se fixeron comadres e compadres coas que se participou no concurso do Concello e que obtiveron varios premios: Dona Crise e Don Banqueiro, Salvador Dalí, proxecto Voz Natura, Non Queda Nin Un, O Circo, Hello Kitty...tamén se fixo unha comparsa e unha carroza que obtiveron premio.

16- A PAZ: Iamos elaborar unha webquest para traballar pero atopamos unha moi boa na web e traducímosa para traballar na aula o que nos deu moi bo resultado. Elaboráronse pombas que se colocaron por todo o colexio.

Concurso de manifestos pola paz. (En Galego)

Taller de carteis para a paz por aula que logo se representaron ese día e se elaborou un ppt. Que se publicou na web con todos eles e as fotos da celebración. Tamén o manifesto gañador.

17- OS MAIOS: Fixéronse dous Maios para participar no concurso do concello, un deles dedicado a Ramón Piñeiro, e tamén os nenos e nenas de 6º curso inventaron unha coplas dos Maios das que se envía unha gravación. (No taller participaron os pais nais e profesorado en xeral).

18- O DÍA DA ÁRBORE: ademais das actividades propias desta celebración, como son a plantación das mesmas tamén se fixeron murais alusivos ao coidado da natureza e a importancia de preservar o medio en lingua galega e fichas cos mais pequenos respecto da importancia das árbores.

19- CELEBRACIÓN DA SEMANA CULTURAL DAS LETRAS GALEGAS

Celebrouse do 11 ao 18 de maio coas seguintes actividades:

Exposición sobre Ramón Piñeiro con libros deste e traballos sobre o autor.

Contacontos.

Traballo de aula coa realización de actividades e unidades didácticas sobre o autor.

Exposición oral (xuntamos vídeo) por parte de alumnos da vida de Ramón Piñeiro polas distintas aulas e na entrada do colexio.

Festival o mércores 14, coa obra de teatro: “**Historia do teatro**”; actuacións musicais; outra obra de teatro (que xuntamos en vídeo) “Wendy aventureira” e interpretación do Himno galego.

Audicións de música galega: Nas clases de música, toda a semana.

Exposición de Literatura en galego: toda a semana no recibidor do colexio.

Tríptico sobre o autor, cada neno/a recibiu un.

Exposición de contos, marcapáxinas, poesías elaboradas nas aulas: durante toda a semana, no recibidor do colexio.

Reparto da revista “ A Billarda” e dos Melos polas aulas.

Publicación das distintas revistas na páxina do colexio.

Exhibición de danza galega, a cargo dos nenos/as que participan nesta actividade; Correlíngua.

Elaboración duns minilibros para a recomendación de lecturas por ciclos que se distribuiu a todo o alumnado do centro.

Outras actividades de aula que pasan desapercibidas pero non por iso menos eficaces, como o propósito de falar en Galego esa semana sempre en todo momento, redaccións...

REMITIMOS ALGÚNS DOS TRABALLOS FEITOS PARA A EXPOSICIÓN

20- RECOLLIDA E DIVULGACIÓN DE REFRÁNS, LENDAS ,CANTIGAS...: Fíxose ao longo do curso e con distintas presentacións (soporte informático, marcapáxinas...),

que se foron recollendo nos distintos formatos que se fixeron ao longo do curso: libro viaxeiro, revista Billarda, marcapáxinas...

21- O PREGUNTÓN: “Lemos os números” Esta é unha actividade plurianual que se fai a través da biblioteca e que resulta moi atractiva para o alumnado consiste en un concurso de preguntas relativas a un tema, este ano tratamos do tema dos libros que inclúen números no seu título. Na mesma participan toda a comunidade educativa e os nenos e nenas do centro, logo ao final entréganse premios e obsequios de participación.

22- DESPEDIDA DOS NENOS E NENAS DE SEXTO: Elaboraron unha “poesía” en galego que expuxeron na festa de fin de curso conxuntamente coa súa gradación.

PRENSA ESCOLAR

23- REVISTA “A BILLARDA”: Participou toda a comunidade escolar. Aproveitando o novo formato posto en marcha o curso pasado que tiña como obxectivo que os nenos/as se fosen acostumando a empregar soporte informático para realizar tarefas escolares e a utilizar o galego como lingua de comunicación impresa, mellorando este ano na entrega de material para a mesma a través do correo electrónico do colexio ou de calquera dos membros do equipo de normalización e publicada a mesma na web do colexio. Levouse a imprenta. INCLUIMOS FORMATO DIXITAL NO CD QUE CONTEN A MEMORIA E IMPRESO

24- REVISTA “MELOS”: Revista de pasatempos educativos, fixéronse catro seguindo a liña do ano pasado, para que cada ciclo educativo dispuxese dunha adaptada ao nivel dos seus alumnos/as co fin de activar a intelixencia, a atención... (Fíxose no colexio utilizando a impresora en color.

25- FOLLETO DIXITAL: fixéronse para o día do libro, e para fin de curso recomendándose lectura para o verán.

26- CURTAMETRAXES. Gravación de dúas curtametraxes unha polo alumnado de 6º curso e outra na que participaron alumnado de todo o colexio. Obtiveron premios as dúas.

27- ADAPTACIÓN DE MATERIAL: En colaboración co grupo de traballo para elaborar fichas para alumnado con dificultades motóricas participamos activamente para que fosen en idioma galego e para traducir distintos materiais atopados na web en castelán así como a facilitación pola nosa parte de contos que xa estaban escanados para adaptalos co programa “boardmaker”.

28- VÍDEOS: Creación de sinxelos vídeos aproveitando traballos do alumnado, que publicamos na páxina Web, tamén un para a presentación do noso colexio que utilizamos na reunión coa pais e nais e para a xornada de portas abertas, fanse presentacións en ppt

para as reunións co profesorado e claustro para mellorar a comunicación e non gastar tanto papel. Estas presentacións utilízanse na pizarra dixital cando nos reunimos para tratar distintos temas.

29- Panel expositor para NORMALIZACIÓN, nel expóñense traballos e informacións de todo tipo que consideramos interesantes renovando cada certo tempo, así como vocabulario relativo a temas traballados e que todos os membros da comunidade poden consultar para a realización das tarefas.

30- Publicación na web do colexio de páxinas de internet en galego para facilitar a pais, nais, alumnado, profesorado e a quen puidese interesar, a súa tarefa de navegación en galego.

31- TICS: Utilización das tics sempre que sexa posible en reunións co profesorado ou cos pais e nais así como nos claustros de profesores para facer un resumo dos temas que se van a tratar en formato, ppt. Sempre en lingua galega. Para dixitalizar contos, celebracións e incluso saídas culturais cos nenos e nenas, e traballos de aula que logo publicamos na Web do colexio. Uso do correo electrónico para enviar notas, avisos aos pais /nais e ao profesorado.

32- COLABORACIÓN CON VOZ NATURA: na tradución de textos, na elaboración de carteis informativos que se colocaron ao carón das plantas para información na zona de xardín do colexio, na elaboración de fichas en galego para o coidado da natureza, o cartel expositor da festa de voz natura tamén ia en galego..., poesías, murais, carteis...

33- LINGUA DE COMUNICACIÓN

Todos os documentos, folletos informativos, autorizacións, avisos, programacións, actas... son escritos en galego. Tamén aparece en galego a páxina web do colexio aínda que tamén hai traballos en castelán (lingua que non podemos esquecer) e emprégase a nosa lingua en todos os actos de conmemoración e celebración. Isto pode comprobarse visitando a páxina web seguinte <http://centros.edu.xunta.es/ceipdemonforte> e nalgúns documentos que remitimos: programas de actuacións, trípticos...

34- ACTIVIDADES DE APERTURA E COMUNICACIÓN CARA A LOCALIDADE

Participouse no certame municipal de panxoliñas, no de teatro, no Concurso de Debuxo Medieval, de tarxetas de Nada. Asistimos a contacontos, teatros, conferencias. Participamos en todos os concursos promovidos polo concello e como ben dixemos con anterioridade elaboramos adhesivos de promoción do galego e carteis de animación ao seu uso.

35- OUTRAS ACTIVIDADES

Continúase impartindo música totalmente en galego a nivel oral, bibliográfico, audiovisual e informático.

Todos os titores/as procuran elaborar material de lectoescritura en galego para os seus alumnos, así como material de apoio e reforzo.

Ampliouse considerablemente o número de actividades colgadas da web, todas elas en galego, como se pode ver entrando na nosa páxina.

AVALIACIÓN DO PROXECTO

1-NIVEL DE PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE ESCOLAR: O nivel de participación da comunidade escolar no desenvolvemento das actividades foi alto, participou todo o claustro, todo o alumnado, o persoal non docente e houbo unha participación moi directa de moitos pais/nais en bastantes das actividades propostas.

2-CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS: Consegúronse en boa parte, pero nos de valorar a lingua galega, potenciar o uso do galego por parte da comunidade escolar e conseguir alumnos plenamente competentes no ámbito lingüístico aínda queda camiño por andar, xa que non podemos esquecer que Monforte é unha cidade na que se emprega o castelán nunha porcentaxe elevada e que a situación de uso do galego a nivel de medios de comunicación, de medios audiovisuais, de novas tecnoloxías... non é precisamente a ideal, polo que haberá que seguir traballando para conseguir avanzar na consecución destes obxectivos.

3-GRAO DE COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS, CENTROS...: A colaboración entre o Concello e colexio foi positiva. Participamos en todas aquelas propostas que foron aparecendo ao longo do curso escolar, así como tamén as que, dentro das nosas posibilidades nos permiten a falta de tempo, que nos limita, a consecución duns obxectivos académicos.

Monforte de Lemos, 23 de xuño de 2008

Visto e praxe
A Directora

Coordinadora do E.N.D.L.

Asdo.: María Núñez Gutiérrez

Asdo.: Marta Elvira López Alvarín